

Versión 0.1



# DOCUMENTO BASE

## GDR-23 ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS



Xacobeo 21-22





**ESTE DOCUMENTO RECOLLE INFORMACIÓN  
ACTUALIZADA PARA TER UN PUNTO DE VISTA CRÍTICO E  
REALIZAR APORTACIÓNS DURANTE O PROCESO  
PARTICIPATIVO PARA O DESEÑO DA ESTRATEXIA LEADER  
2023-2027**

# CONTIDO


1. Encadre territorial	2
2. Análise do patrimonio natural: situación actual, ameazas e oportunidades	3
3. Modelo de asentamento poboacional	9
4. Patrimonio cultural	13
5. Planificación e ordenación do territorio	20
6. Descrición do entorno socioeconómico	22
7. Análise sectorial	30
8. DAFOs por sectores/ámbitos	36
DAFO Global	36
Mercado Laboral	39
Agroforestal e sector do mar	41
Ambiente e cambio climático	43
Turismo e hostalaría	44
Poboación, servizos, comercio e artesanía, actividade empresarial, emprendemento	45
Cultura e patrimonio cultural	46
9. Cuestións identificadas para debater	47
10. Referencias	48

# 1.ENCADRE TERRITORIAL

O territorio abarcado polo GDR-23 Mariñas-Betanzos está situado na metade occidental da provincia de A Coruña, no extremo noroeste da comunidade. Comprende a sección meridional do Golfo Ártabro, formado polas rías da Coruña e Betanzos.

Este territorio ocupa unha superficie de 985,4 km<sup>2</sup>, o que representa o 12,4% da superficie provincial e o 3,3% da comunidade autónoma de Galicia. O territorio está constituído administrativamente por un total de 15 concellos: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, da comarca de A Coruña, e Aranga, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza-Cesuras e Paderne da comarca de Betanzos.

**Figura 1: División administrativa en municipios e comarcas do GDR-23.**



## 2. ANÁLISE DO PATRIMONIO NATURAL: SITUACIÓN ACTUAL, AMEAZAS E OPORTUNIDADES

A UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) declarou na 25ª Reunión do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB, celebrada en maio de 2013, a Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Esta reserva abrangue o ámbito ocupado polos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza- Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado, cunha superficie de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas).

As Reservas da Biosfera son ecosistemas terrestres ou costeiros/mariños, ou unha combinación destes, declarados como tales no ámbito do Programa MaB (sobre o home e a biosfera) creado pola UNESCO para a xestión integrada, participativa e sostible do patrimonio e dos recursos naturais as Reservas de Biosfera procurarán ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e desenvolvemento sostible a nivel mundial, combinando as funcións de:

- Conservación, das paisaxes, ecosistemas, especies e a variación xenética,
- Desenvolvemento, para fomentar un desenvolvemento económico e humano sostible desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico,
- Apoio loxístico, para prestar apoio a proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o ambiente e de investigación e observación permanente en relación con cuestións locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.

A Reserva de Biosfera MCeTM, atópase no ámbito do litoral cántabro-atlántico de Galicia, enmarcada polas cuncas dos ríos Mero e Mandeo e cunha altitude media de 300 m. O territorio inclúe zonas costeiras, vales litorais e serras interiores, estendéndose dende o litoral ata o límite coa provincia de Lugo, onde enlaza coa Reserva de Biosfera “Terras do Miño”. “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” é a reserva máis poboada de Galicia.

Na Reserva de Biosfera MCeTM destacan a presenza de 49 tipos de hábitats de interese comunitario, 12 dos cales son tipificados como prioritarios pola Directiva Hábitats. Así mesmo, contabilízanse máis de 300 especies incluídas nalgún instrumento de protección de especies, tanto a nivel internacional, europeo, estatal ou galego.

Para compatibilizar a mellora ambiental co desenvolvemento social e económico da zona, esta divídese en tres zonas:

1

### ZONAS NÚCLEO

Son as zonas cos principais valores ecolóxicos e cumpren a función de conservación. Están delimitadas en torno ós lugares da Rede Natura 2000 (Encoro de Abegondo-Cecebre, Betanzos- Mandeo, Costa da Morte e Costa Dexo) e abranguen unha superficie de 6.508,5 ha (o 5,6% da superficie total).

2

### ZONAS TAMPÓN


Funcionan como áreas de protección da Zona Núcleo, onde se desenvolven aqueles usos e actividades como mostra do desenvolvemento sostible e se promoven os usos tradicionais dos recursos, actividades educativas, formativas, recreativas e turísticas.

3

### ZONAS DE TRANSICIÓN

Sustentan a maior parte das poboacións e actividades. Son o motor do desenvolvemento socio-económico dos habitantes da reserva.

Figura 2: Mapa de zonificación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.



Os principais beneficios que produce a distinción de Reserva de Biosfera son:

- Situar ao territorio no mundo como lugar de privilexio, dando prestixio ás súas empresas e produtos.
- Ampliar mercados para a agricultura, a través dunha Marca orientada ao circuíto de proximidade.
- Contribuír a valorizar as actividades económicas tradicionais e recuperalas.
- Incentivar e fortalecer as iniciativas ligadas ao Ecoturismo.
- Xerar oportunidades de capacitación e formación.
- Mellorar a gobernanza local e a toma de decisión de xeito democrático.
- Acadar apoio internacional, estatal e rexional para iniciativas e proxectos ligados ao desenvolvemento sostible e á conservación ambiental.
- Mellorar a protección e a información dos recursos naturais, así como a ordenación do territorio.

A Rede galega de espazos protexidos está constituída por aqueles espazos protexidos de competencia autonómica declarados nalgunha das categorías seguintes:

- Reserva natural
- Parque nacional
- Parque natural
- Monumento natural
- Zona húmida protexida
- Paisaxe protexida
- Espazo protexido Rede Natura 2000


A Táboa 1 recolle a superficie dos Espazos Naturais Protexidos no territorio do GDR-23 coa ampliación da Rede Natura.

**Táboa 1. Superficie de Zona Núcleo na Reserva de Biosfera.**

DENOMINACIÓN	ENP SUPERFICIE (HA)	GDR-23 SUPERFICIE (HA)
Costa da Morte	12.094	261,9
Betanzos - Mandeo	864,6	864,6
Encoro de Abegondo-Cecebre	493,4	493,4
Costa de Dexo	350,0	350,0
Serra do Careón*	9.576,6	2,3
Esteiro do Río Baxoi*	93,0	93,0
Serra da Cova da Serpe*	4.063,4	3.106,9
Brañas do Deo*	3.385,1	3.385,1
TOTAL	30.920,1	8.557,2

*\*Proposta ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia ( do ano 2012)*

*Fonte: Elaboración propia baseada na Estratexia Leader (2014-2020)*

**Figura 3: Mapa dos espazos protexidos da Rede Natura.**

Doutra banda, no GDR Mariñas-Betanzos atópanse Espazos Naturais de Interese Local (ENILs). Estes espazos están integrados nun termo municipal que polas súas singularidades son merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. O ENIL é un instrumento legal que permite aos concellos o recoñecemento ambiental dun espazo natural. Aplícase en contornas que, aínda que non cheguen ás condicións de existencia dun parque natural, si son o suficientemente atractivos para merecer protección, evitando o seu deterioro.

Neste GDR pódense identificar diversos ENIL aprobados:

- 1) Ribeiras do Mero-Barcés (197,48 ha, Abegondo)
- 2) Río Abelleira (17 ha, Carral)
- 3) Brañas de Sada (24 ha, Sada)

Identifícanse no territorio outras áreas, que por conter elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, poderían ser susceptibles dunha determinada protección ou recoñecemento. Tamén hai elementos que pola súa potencialidade turística poden ser obxecto de creación de estratexias de dinamización e posta en valor de ditos recursos.. A Táboa 2 recolle unha relación de elementos naturais con especial valor e potencial para o GDR-23.

**Táboa 2. Elementos naturais no GDR-23 con valores significativos.**

MUNICIPIO	ELEMENTO	LUGAR
Abegondo	Encoro de Beche	Folgozo
Aranga	Mirador de Vieiro	Aranga, Cambás
Aranga	Val de Cambás	San Paio de Aranga
Arteixo	Montes da Cruz	Pastoriza
Cambre	Orillas del Río Mero	-
Carral	Ribeiras do Barcés	-
Coirós	Mirador de Espenuca	Coirós
Culleredo	Monte Xalo	-
Culleredo	Rego das Xesteiras	Celas
Curtis	Paseo fluvial de O Carregal	Santaia de Curtis
Oleiros	Praia de Mera -Lagoa	Serantes/Maianca
Oza-Cesuras	Fervenza de A Reixidoira	Filgueiras de Barranca
Oza-Cesuras	Fraga do rei	Porzomillos
Paderne	Carballeira en As Cruces	Codesoso
Paderne	Praia de A Xurela	Insua
Sada-Oleiros	Tramo costeiro de Fontán a Lorbé	Fontán-Lorbé

Fonte: Elaboración propia baseada na Estratexia Leader (2014-2020)

**-PROPONSE IINCORPORAR OUTROS ELEMENTOS DE INTERESE PAISAXISTICO**

**-PROPONSE RECOLLER INFORMACIÓN DA ESTRATEGIA DE INFRAESTRUTURA VERDE DE A CORUÑA**

## 3. MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

O territorio do GDR-23 Mariñas-Betanzos está configurado na área de influencia da cidade da Coruña, presentando trazos propios dos espazos urbanos afectados por procesos de metropolización. Unha parte do GDR-23 conforma a Área urbana de A Coruña (Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, 2011) que, debido á súa extensión e potencialidade estratéxica desta zona xunto coa Área urbana de Ferrol, conforma a Rexión urbana Ártabra.

Os municipios que se engloban nesta área urbana, e que continúan coa trama urbana da cidade de A Coruña, son: Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, formando un anel metropolitano ou área suburbana. Próximo ás áreas urbanas, e con dinámicas marcadas pola súa influencia, sitúase o espazo rural integrado e os espazos rurais intermedios. Organizados funcionalmente a partir das áreas de gravitación do sistema urbano intermedio. Os municipios de Sada, Bergondo, Betanzos, Abegondo e Carral son os que conforman este segundo anel metropolitano ou área rurubana. O resto do territorio da GDR estaría integrado nun espazo de características rurais.

Outro nivel de organización a ter en conta son os nodos para o equilibrio do territorio. Nesta área correspóndese con o núcleo de Curtis (municipio de Curtis). Existen tamén unha serie de asentamentos de poboación tradicionais, cunha localización estratéxica no borde costeiro, denominados Núcleos de Identidade do Litoral e representados por Oleiros, Sada e Betanzos.

O territorio do GDR-23 é un dos mellor comunicados de Galicia co exterior, xa que conta cunha ampla rede de **autoestradas, autovías, portos, ferrocarril e un aeroporto**, que aseguran a conectividade co resto de Galicia e tamén a nivel estatal e internacional. Canto a rede viaria, neste caso ten unha elevada presenza neste GDR, debido pola proximidade de A Coruña, onde se centralizan gran parte dos servizos, comercio e as funcións administrativas, e polas cidades de Santiago de Compostela e Ferrol en menor medida. A comunicación dentro do territorio máis urbano vese dificultada por un viario que soporta tráfico moi superiores á súa capacidade a causa da intensa ocupación do territorio. Doutra banda, no territorio existe a AG-55, que previo pago de peaxe comunica A Coruña con Carballo, E atravesa o municipio de Arteixo. Esta vía tamén conta cun acceso ao Porto Exterior da Coruña. Tamén existe a Vía Ártabra (AG-13) que comunica a N-VI con Veigue.

Unha oportunidade de mellora das redes de comunicación xorde da aplicación do Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (MOVE) , que establece as orientacións estratéxicas en materia de infraestruturas de transporte. Con respecto á Rede Primaria Básica, esta rede vertebra áreas territoriais a escala interprovincial. A Rede Primaria Complementaria comunica os centros de actividade económica que quedan fóra da rede primaria básica; e garante a conexión entre os núcleos de poboación de mediana importancia. A Rede Secundaria conecta as redes de nivel superior, permite o acceso a lugares e centros de interese turístico ou patrimonial, que non están comunicados polas redes anteriores. Nos últimos anos non se incrementaron en número aínda que si se teñen realizado melloras.

Outra oportunidade é o Plan Director de Mobilidade Alternativa (Xunta de Galicia), que fomenta os modos de transporte non motorizado e incorpóranse obxectivos ambientais na planificación e ordenación do territorio e das infraestruturas, ao que se suma o Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña. Grazas á súa execución se incorporaron sendas peonís e ciclistas, como a da ZEC Abegondo – Cecebre.

Respecto ao transporte aéreo, destaca a presenza no territorio do aeroporto de A Coruña en Alvedro, localizado no termo municipal de Culleredo. Así mesmo, é preciso mencionar a proximidade co aeroporto de Santiago de Compostela en Lavacolla.

Doutra banda, o territorio do GDR-23 está recorrido por dous tipos de liñas de **ferrocarril**: as de Media Distancia (trens rexionais e tren Avant Ourense-Santiago-A Coruña) e a Gran Distancia, as dúas operadas por RENFE. Non conta aínda con liñas de alta velocidade, nin de proximidade e tampouco está prevista unha autopista ferroviaria proximamente.

Ademais, neste territorio existe unha serie de **infraestruturas portuarias e marítimas** que serven para facilitar o transporte de persoas, mercadorías e todo tipo de actividades relacionadas co mar. O transporte marítimo non está aproveitado e presenta moitas posibilidades de cara a exportación de produtos. No 2012 entrou en funcionamento o Porto Exterior de A Coruña, en Punta Langosteira, localizado no municipio de Arteixo, ao servizo do tráfico marítimo internacional e que ofrece grandes superficies terrestres.

As infraestruturas portuarias máis destacadas no territorio GDR-23:

- Porto de Suevos, no municipio de Arteixo, situado ao lado Este de Punta Langosteira.
- Porto de Santa Cruz, porto de Mera e porto de Lorbé, no municipio de Oleiros.
- Porto de Sada-Fontán, emprazado en plena Ría de Betanzos.
- Porto de Betanzos, situado no fondo da ría que leva o seu nome, entre os ríos Mendo e Mando.

Os servizos de **transporte público** son numerosos, centrados nos principais núcleos de poboación, deixando nun segundo plano a poboación rural. Son os propios municipios os que ofertan servizos a núcleos máis pequenos, onde existe unha elevada porcentaxe de poboación. Neste sentido é preciso resaltar o Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG) (2020), cun novo sistema de tarifas e servizos que levou á modificación e ampliación da Área de Transporte Metropolitano (ATM) da Coruña, e compatible cun novo modelo tarifario zonal quilométrico. Os concellos do GDR 23 da ATM da Coruña son: Arteixo, Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Curtis, Oleiros, Oza-Cesuras e Sada. Quedan fora Aranga, Coirós, Irixoa, e Paderne.

Así mesmo, o territorio do GDR-23 Mariñas-Betanzos está atravesado polas redes xerais de **distribución de gas e oleoduto**:

- Gasoduto Betanzos – Miño.
- Gasoduto MBAS (Mugardos - Betanzos - Abegondo - Sabón).
- Gasoduto Vilalba -Tui.

- Gasoduto Ramal a Curtis.
- Oleoduto da empresa CLH. Este grupo conta con varias instalacións de almacenamento e cunha rede de oleodutos de 155 km de lonxitude e unha estación de bombeo.

Prevese que no futuro se implante unha rede de hidróxeno en Galicia, da que lle afectaría ao territorio a liña Vilalba-Tui, e tamén unha nova dende unha futura planta de hidróxeno verde en As Pontes, e ambas liñas se cruzarían en Abegondo.

En canto á rede de abastecemento de auga, os municipios de Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada, abastécense de **auga** na súa maior parte dende o encoro de Abegondo-Cecebre. O acceso á rede de auga potable nos concellos de Abegondo, Aranga, Betanzos, Carral, a parte da antiga Cesuras (actual Oza-Cesuras), e Paderne, se realiza mediante un sistema público de infraestrutura de captación e distribución, se ben contan con bastantes núcleos que dependen das traídas das comunidades de veciños, ademais das captacións individuais. A parte da antiga Oza é deficitaria en abastecemento público na súa metade leste.

A rede de abastecemento de auga en Coirós chega á totalidade dos núcleos de poboación. No concello de Curtis, os núcleos de Teixeira e Curtis abastécense de auga potable proveniente das captacións de carácter municipal, sendo o resto de núcleos servidos mediante captacións veciñais.

As augas residuais de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros son tratadas na EDAR de Bens, Oleiros posúe outras dúas depuradoras en Santa María de Oleiros e en Lorbé (xestión municipal). Abegondo conta con dúas EDAR situadas na parroquia de Beldoña e Limiñón. O municipio de Carral posúe tres depuradoras nas localidades de Casal, Reboredo e Quenllo, que solucionan o saneamento do 80% da poboación abastecida do municipio. Bergondo dispón de catro depuradoras de augas residuais, situadas en Peteiro, Fiobre, Miodelo e no polígono industrial de Bergondo. No municipio de Betanzos existe unha depuradora e Sada dispón de dúas EDAR. No municipio de Aranga, a rede de saneamento percorre a N-VI e conta con depuradoras nos núcleos de Feás, Montesalgueiro e A Castellana. O saneamento de augas residuais en Oza-Cesuras límitase ao núcleo de Bragade e ao núcleo de Oza, onde se localiza unha pequena estación depuradora de augas residuais que recolle as augas urbanas de Oza e parte da parroquia de Parada. A poboación dispersa non ten este servizo e utiliza pozo negro ou fosa séptica. Existe marxe de mellora canto aos servizos de saneamento. O municipio de Coirós conta con saneamento integral nunha serie de núcleos e no polígono industrial, posúe unha EDAR. No resto dos núcleos rurais, existen pequenas redes de sumidoiros que conducen as augas residuais a fosas sépticas. O sistema de saneamento en Curtis está presente nos núcleos urbanos e nos máis próximos a eles e conta con dúas EDAR. O saneamento é deficitario no concello de Irixoa. O sistema de saneamento en Paderne está formado por un conxunto de redes e pequenas estacións decantadoras repartidas de forma homoxénea e seguindo o esquema de asentamento de poboación.

Todos os municipios do territorio do GDR-23 dispoñen de servizos de recollida de **residuos sólidos urbanos** (RSU), que cobren a toda a poboación do territorio. SOGAMA e NOSTIÁN son as empresas encargadas da xestión dos residuos. Existe unha planta de transferencia de residuos situada no termo municipal de Curtis de titularidade autonómica. Estas plantas de transferencia permiten o transvasamento dos residuos dende os

camións de recollida municipal a colectores de maior capacidade e máis axeitados ao transporte a longa distancia.

Coas excepcións de Aranga, Coirós, Irixoa e Paderne, o resto de concellos teñen o servizo de punto limpo. Curtis, Oza-Cesuras e Sada son titulares dos seus, e os demais, os seus puntos son titularidade do Consorcio de As Mariñas.

No que respecta ao **servizo de telefonía, o acceso a internet ou a sinal de televisión**, existen diferenzas significativas entre as zonas máis rurais do territorio e o resto. En xeral, a cobertura de datos con redes 2G e 3G é moi boa. A cobertura 4G e 4G+ ten zonas amplas entre Irixoa, Aranga, Curtis e Oza-Cesuras que non se cubre. E o 5G tan só chega, polo de agora con apenas algunha operadora a zonas entre Arteixo, Betanzos, Bergondo, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. A fibra óptica está a estenderse polo rural, cun reparto irregular, en función da demanda e dos maiores núcleos de poboación, e segundo dificultades técnicas.

## 4. PATRIMONIO CULTURAL

O territorio do GDR-23 Mariñas-Betanzos posúe numerosos recursos culturais, cun amplo abano de posibilidades turísticas. Contan, nalgúns casos, con infraestruturas de apoio cos que se pretende potenciar o seu uso con criterios de sostibilidade. No correspondente ás diferentes construcións de valor histórico-artístico que existen no territorio, destacan aqueles que foron declarados **Bens de Interese cultural (BIC)** inmoables.

En canto á arquitectura civil, os **Pazos**, pontes, elementos militares ou edificios singulares teñen unha importante representación no territorio. Hai determinados elementos declarados Bens de Interese Cultural presentes no territorio como son: o Pazo de Láncara ou de Mariñán en Bergondo, o Conxunto Histórico da Cidade de Betanzos e as Torres de Meirás no concello de Sada, ademais doutros de titularidade pública e privada.

No concello de Sada destaca A Terraza como exemplo do movemento modernista en Galicia, estando declarado Monumento Histórico Artístico nacional e nos concellos de Coirós e Paderne a paisaxe cultural "Lugar de Chelo", declarado paraxe pintoresca no ano 1972.

É tamén moi importante o **patrimonio arquitectónico relixioso**, destacando as súas numerosas igrexas e capelas diseminadas por todo o territorio, nas que se recollen elementos decorativos e de culto.

Destacan:

- Mosteiro e Igrexa de San Salvador de Bergondo
- Igrexa de Santa María de Azogue
- Igrexa Parroquial de San Francisco
- Igrexa de Santa María de Cambre
- Igrexa do antigo Mosteiro de San Nicolás de Cins

Doutra banda, o museo etnográfico situado nunha antiga casa de labranza na parroquia de San Mamede de Bragade (Cesuras), é unha singular mostra de antigos oficios e traballos, moitos deles xa desaparecidos. Este museo pretende dar a coñecer antigos labores artesanais, como o liño, a malla ou a matanza que non se realizaba en lúa nova.

**Incorporar elementos da Arquitectura Civil de Rafael González Villar**

Os **xardíns**, na súa maioría vinculados aos Pazos, forman unha simbiose entre o Patrimonio Natural e o Cultural. Os xardíns declarados de conxunto como Ben de Interese Cultural Xardíns Históricos de As Mariñas son: xardín do Pazo de Casal e Pazo de Mariñán (Bergondo); xardín e parque "O Pasatempo" (Betanzos); Pazo de A Ribeira e Pazo de Vilasuso (Carral); Pazo de Vilaboa (Culleredo); Castelo de Santa Cruz, Pazo de Lóngora, Pazo de Miraflores, Casa de Xaz e Villa Marchesi (Oleiros) e xardín do Pazo de Meirás (Sada).

A continuación enuméranse os xardíns que se atopan no territorio das Mariñas:

#### **CONCELLO DE ABEGONDO**

- Xardín do Pazo de Figueroa

#### **CONCELLO DE ARTEIXO**

- Xardín do Pazo de Anzobre; Xardín do Pazo de Atín

#### **CONCELLO DE BERGONDO**

- Xardín do Pazo de Baldomir; Xardín do Pazo de Casal; Xardín do Pazo de Mariñán; Xardín da Quinta de San Victorio ou de Vixoi

#### **CONCELLO DE BETANZOS**

- Xardín e parque "O Pasatempo"; Xardín do Pazo de Illobre

#### **CONCELLO DE CAMBRE**

- Xardín do Pazo de Aián; Xardín do Pazo de Anceis; Xardín do Pazo de Cela; Xardín do Pazo de Drozo  
Xardín do Pazo de Loriga ou Sobrecarreira; Xardín do Pazo de Sigrás

#### **CONCELLO DE CARRAL**

- Xardín do Pazo de Esperante; Xardín do Pazo da Ribeira; Xardín do Pazo de Viladesuso

#### **CONCELLO DE CULLEREDO**

- Xardín Botánico do Burgo; Xardín do Pazo de Correa; Xardín do Pazo de Vilaboa

#### **CONCELLO DE OLEIROS**

- Xardín da Casa de Xaz; Xardín do Castelo de Santa Cruz; Xardín do Chalé Rialeda (actual biblioteca);  
Xardín do Chalé Santa Bárbara; Xardín do Palacio de Loureda; Xardín do Pazo de Franzomel; Xardín do Pazo de Ibarrola ou de la Fuente; Xardín do Pazo de Lóngora; Xardín do Pazo de Miraflores; Xardín do Pazo do Río; Xardín do Pazo de As Torres; Xardín da Quinta de Abella; Xardín da Quinta de Arenaza;  
Xardín da Vila Marchesi

#### **CONCELLO DE SADA**

- Xardín do Pazo de Mosteirón ou Vista Alegre; Xardín das Torres de Meirás

#### INCORPORAR XARDÍNS CONCELLOS COMARCA DE BETANZOS

No territorio do GDR-23 atópanse varios exemplares de árbores e **formacións arbóreas** inventariadas e catalogadas no Catálogo de Árbores Senlleiras da Galicia da Xunta. Neste rexistro inclúense exemplares de calquera especie, merecedores de medidas específicas de protección atendendo ás súas características excepcionais. Deste xeito, inclúense un total de 11 árbores e formacións senlleiras no territorio, situados sete deles no concello de Bergondo

#### INCORPORAR ÁRBORES SENLLEIRAS E LOCALIZACIÓNS

A **tradición balnearia** existente neste territorio ten en Arteixo o seu principal centro de actuación aínda que son varias as fontes de augas mineiro-medicinais presentes nos concellos de Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo e Paderne.

Doutra banda, o **Camiño Inglés** ten un gran potencial neste territorio. Realizábano os peregrinos que chegaban a Galicia a través do mar dende os portos do Báltico, Países Escandinavos, Países Baixos, Flandes, norte de Francia e, sobre todo, do Reino Unido e Irlanda. Dende os portos de Ferrol ou Coruña comezaban a súa marcha a pé ata Santiago. Durante o transcurso do camiño inglés polo territorio do GDR-23, detectáronse determinados problemas puntuais en diversos concellos. Estes problemas repercuten na posible mala imaxe que os peregrinos poden ter do mesmo. Os problemas están relacionados con tres aspectos: presenza de vertedoiros incontrolados, material de construción e lixo disperso no camiño.

Ademais, o territorio do GDR-23 destaca en **produtos mariños, peixes e mariscos, hortalizas e froitas**. Entre eles pódese destacar algúns que se converteron en emblemáticos de diferentes localidades, como a sardiña de Sada, os mexillóns de Lorbé (Denominación de Orixe Mexillón de Galicia), o viño e a tortilla de Betanzos (I.X.P. "Viño da Terra de Betanzos"), o pan e as empanadas de Carral, os amorodos de Abegondo e Carral, a cervexa ou os queixos da zona. O territorio continúa sendo a "horta da cidade da Coruña", especializando as súas producións cara á este mercado. Estas variedades locais forman parte do patrimonio colectivo e na actualidade están en perigo de desaparecer polo uso doutras variedades comerciais de posible acceso máis doado. A calidade dos produtos que se producen no territorio do GDR-23 vese reflectida na existencia de varias Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas comúns a todos os municipios do territorio galego, como son: D.O.P. "Queixo Tetilla"; I.X.P. "Tenreira Galega"; I.X.P. "Lacón Galego"; I.X.P. "Mel de Galicia", que na zona conta cunha importante representación de apicultores; I.X.P. "Torta de Santiago" e I.X.P. "Grellos de Galicia". Outras só afectan a produtos xerados nalgún dos municipios do territorio, como é o caso da D.O.P. "Arzúa-Ulloa" na cal a zona de produción tanto do leite como dos queixos comprende os concellos das comarcas de Arzúa, Melide, A Ulloa e Chantada, máis outros limítrofes de maneira que a área delimitada sitúase no corazón de Galicia, entre os que se atopa o municipio de Curtis; e a I.X. "Aguardente de Galicia" na que tanto a produción como a destilación do bagazo e o envellecemento das augardentes resultantes, de producirse este deberá ser realizado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establecéndose 9 subzonas tradicionalmente produtoras, con peculiaridades

propias, atopándose unha destas subzonas (Betanzos) dentro do territorio do GDR-23. Ademais, trinta empresas agroalimentarias producen baixo a Marca da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e seis delas baixo a marca estatal Reservas de la Biosfera Españolas. Tamén existen multitude de festas, exaltacións e degustacións gastronómicas, repartidas ao longo de todo o ano, que, ademais de eventos festivos, teñen por obxecto a promoción dos produtos da terra. É importante destacar a actividade de personaxes ilustres, como escritores ou pintores, dentro do campo da gastronomía galega.

Ademais, no territorio GDR-23 existen numerosos **restos de asentamentos** e formas de vida do pasado histórico que proveñen de culturas megalíticas e castrexas representados en castros, petróglifos, mámoas, etc. Moitas veces non está correctamente identificada, e debido ás presións agrícolas e edificatorias o patrimonio máis antigo deste territorio está en perigo de extinción.

Entre os numerosos restos megalíticos destacan:

- Restos megalíticos no monte Xalo, en Arteixo.
- Xacemento arqueolóxico do Holoceno en Paradero de Reiro en Arteixo.
- Petróglifos en Coirós, localizados na súa maioría na parroquia de Santa María de Ois
- Gravados rupestres nas parroquias de San Tirso de Ambroa, Santaia da Viña, Santa María de Mántaras, San Lourenzo e Santa María de Churío en Irixoa.
- Pena da Nosa Señora, en Cambre.
- Petróglifos de As Fontes e de Chouza en Aranga

A cultura castrexa deixou unha importante representación no territorio, entre os que destacan:

- Castro de Armentón en Arteixo.
- Castros de Flores e do Painzal en Aranga. Este concello é titular dunha longa lista de bens arqueolóxicos pero a vexetación e as obras alteraron o estado de moitos deles.
- Castros de Castromaior e de Armental en Cambre.
- Castros de Subiña, de Punta Roza e de Torella. No concello de Oleiros.
- Castro do Monte ou Illobre, de Xan Rozo, de Graña, de Untia e de Obre, todos eles no concello de Betanzos.
- Castro do Castelo, de Obre e de San Mamede en Paderne. Neste concello tamén destaca o Ídolo prerrománico.
- Castros de Vilarullo, Santaia, de Fradegas, de Vilardois e de Fisteus en Curtis.
- Castro de San Mamede en Sada.

Entre as estruturas fúnebres prerromanas que atopamos no territorio están os túmulos e as mámoas:

- Túmulos nas parroquias de San Tirso de Ambroa, Santaia de A Viña, San Lourenzo, Santa María de Verís, Santa María de Mántaras, San Martiño de Churío e San Salvador de Curuxou en Irixoa
- Mámoa de Vilar en Abegondo
- Mámoa da Canteira en Arteixo
- Necrópole dolmánica en Culleredo

No territorio do GDR-23 moitas destas estruturas resultaron afectadas e nalgúns casos totalmente destruídas pola man do home:

- Mámoas do Galiñeiro en Aranga, foron afectadas gravemente pola rotura de montes no ano 2000.
- Mámoa de Revoltas Longas en Coirós, quedou destruída pola construción dun camiño e dun muro.
- Mámoas de Samel e Vilar en Curtis, foron totalmente destruídas.

O Museo das Mariñas, situado no claustro do antigo convento de Santo Domingo, en Betanzos, recolle unha representativa mostra de arqueoloxía romana. O Museo arqueolóxico de Cambre é outra clara iniciativa de posta en valor deste patrimonio, coa musealización dos restos romanos descubertos no ano 1998.

As vías de comunicación romanas tiveron e teñen un valor extraordinario para a conexión das cidades. A recuperación destes trazados para utilizalos como rutas de interese turístico terían un enorme potencial para o desenvolvemento do medio rural. Posúen interese propio, ademais do engadido polo patrimonio asociado que os rodea. É importante resaltar o traballo de recuperación da Vía Romana XX do Itinerario de Antonino, tamén chamada Per Loca Marítima, cuxo percorrido está presente no GDR xa que pode servir de nexo de articulación de redes locais de rutas turísticas.

Con respecto ao **patrimonio inmaterial**, a festa de maior relevancia na comarca é a Festa Patronal de San Roque en Sada, celebrada no mes de agosto e de Interese Turístico Nacional. En honor a San Roque celébranse tamén na cidade de Betanzos, do 14 ao 25 de agosto, as festas patronais declaradas de Interese Turístico Nacional. O acto principal lévase a cabo na noite do 16 ao 17, e consiste na solta dun aeróstato de papel non tripulado "Globo de Betanzos". A tradición de lanzar globos de papel en Betanzos ten máis de dous séculos de historia.

A romaría dos Caneiros celébrase na vila de Betanzos todos os meses de agosto, como parte do programa das festas de San Roque. Os días 18 e 25 de agosto, os betanceiros diríxense ao coñecido "Campo dos Caneiros" de forma moi diversa, principalmente en barco, para pasar un día de festa. Nesta romaría non hai a máis mínima pegada de tipo relixioso (é unha festa absolutamente pagá).

Unha das festas antropolóxicamente máis importante en Galicia e no territorio é A Noite de San Xoán. Moitos ritos de carácter máxico ou supersticioso asócianse a esta tradición: saltar as fogueiras, pór un ramo de herbas de San Xoán nas portas da casa coa finalidade de protexerse das meigas, lavarse ao amencer en mananciais ou con auga

de rosas, etc. Considérase tamén patrimonio inmaterial todo o referente a sabedoría popular. Son centos as cantigas e os refráns e ditos populares que de xeración en xeración fóronse transmitindo.

Algúns oficios tradicionais dentro do patrimonio inmaterial son:

- Gaitero

Unha das profesións artesanais e tradicionais, máis asentada.

- Muiñeiro

O muíño, o muiñeiro, é o centro da picaresca, o lugar onde os galáns cortexan ás mulleres que alí van moer o seu gran. Tomar o muíño como centro dos amores, que poden ser entre o muiñeiro e unha muller estraña, a muiñeira e un viaxeiro, ou entre dúas persoas que nada teñen que ver co muíño; é unha constante no folclore español e europeo. Quizais debido a este cantar namorado das muiñeiras, xurdiu de aquí o baile tradicional máis coñecido de Galicia, que recibe o nome da propietaria do muíño: "muiñeira".

- Ferreiro

Os ferreiros fabricaban os utensilios agrícolas e tódalas ferraxes necesarias para os carros e as casas. Actualmente os ferreiros que non se dedican á artesanía limítanse a repara-las ferramentas que se compran nas tendas. Os ferradores son ferreiros especializados.

- Arrieiro

Transportaba todo tipo de mercadorías dunha feira a outra. O arrieiro adoitaba acompañar a súa viaxe cunha serie de cantos, seguido pola música das cinzarras e cascabeis das súas mulas.

- Zoqueiro

Facían zocos e zoca. Na actualidade, case só se fabrican como recordo turístico

- Canteiro

Era un dos oficios máis prestixiosos. Traballaban o granito para facer dende muíños ata catedrais. Tiñan unha lingua especial, estraña e ocultista que recibe dous nomes: "latín dos canteiros" ou "verba dos arxinas" (lingua de canteiros).

Outros oficios tradicionais están relacionados con actividades levadas a cabo, ou dan nome a determinados concellos do territorio, como:

- Xoieiros

Bergondo ten fama de habilidosos xoieiros e prateiros xa desde o século XVII, cando se lles concedeu o dereito á cidadanía da cidade de Betanzos. Actualmente Bergondo acolle as máis importantes fábricas de xoias de Galicia, unha xoiería artesanal, cunha alta valoración nos mercados nacionais e internacionais.

- Oleiros

Facían olas, pratos e cántaros necesarios na vida cotiá. Por algunhas partes de Galicia aos oleiros chámanlle “alfareiros” e “cacharreiros”, mentres que os outros traballadores do barro que facían tellas e ladrillos que recibían o nome de “telleiros”.

Dentro do territorio do GDR-23 está localizado o concello de Oleiros. O nome deste municipio parece suxerir que no pasado desenvólviase unha importante actividade oleira. Esta actividade oleira non chegou aos nosos días, polo que os organismos municipais, en homenaxe á historia do concello, promoveron o Museo dos Oleiros e a festa Alfaroleiros, convertendo o municipio en punto de referencia para a cerámica popular.

Así mesmo, no territorio do GDR-23 encontráse varios exemplos moi representativos do mundo literario galego, entre os que máis destacan:

- Manuel Murguía (Arteixo, 1833 – A Coruña, 1923)
- Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851 – Madrid, 1921)
- Manuel M<sup>a</sup> Puga e Parga. Picadillo (Santiago, 1874 – A Coruña, 1918)
- Alejandro Pérez Lugín (Madrid, 1870 – O Burgo, 1926)
- Wenceslao Fernández Floréz (A Coruña, 1885 – Madrid, 1964)
- Manuel Lugrís Freire (Sada, 1863 – A Coruña, 1940)
- Francisco Lloréns Díaz (A Coruña, 1874 – Madrid, 1948)
- José Seijo Rubio (Madrid, 1881 – A Coruña, 1970)

- Bea Rey

- Díaz-Pardo

- etc.

## 5. PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Este territorio vese afectado por as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT) aprobadas mediante o Decreto 19/2011 de 10 de febreiro, que buscan definir un Modelo territorial para Galicia que toma as referencias establecidas na política territorial de Unión Europea e na Lei de ordenación do territorio de Galicia. Un total de oito dos concellos que conforman o GDR-23 están englobados no ámbito do POL (Plan de Ordenación do Litoral de Galicia), aprobada mediante o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, que ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade. Estes son: Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada, Bergondo, Betanzos e Paderne.

**Táboa 3. Concellos e superficie do POL**

CONCELLOS	SUPERFICIE POL (HA)	% DA SUPERFICIE MUNICIPAL
Arteixo	2.965,5	31,8
Bergondo	2.523,4	77,1
Betanzos	806,3	33,2
Cambre	143,6	3,5
Culleredo	490,5	7,9
Oleiros	3.395,1	77,5
Paderne	767,5	19,2
Sada	2.575,7	93,6
Total	13.667,7	13,8

*Fonte: Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.*

As novas Instalacións Portuarias en Punta Langosteira supoñen un notable impulso. Esta infraestrutura está situada no municipio de Arteixo, localízase entre Punta Langosteira ao Leste, a Punta do Pelón no Oeste, a uns 7 km ao Sueste da zona urbana de A Coruña, nas inmediacións do polígono industrial de Sabón e a poboación de Suevos. Comprende unha área terrestre de aproximadamente 3,5x1,5 km, e unha área marítima de 3,5x3 km. Dende o 2012, en Langosteira operaron máis de 1.150 buques que moveron 12 millóns de toneladas de mercadoría. A maior parte desa cantidade, 5,7 millóns de toneladas, foron de produtos agroalimentarios. Langosteira é o primeiro porto do norte de España en tráfico de pensos e cereais, por encima mesmo de Bilbao. Preto do 70 % das materias primas para alimentación animal empregadas en Galicia chegan polo porto coruñés, que é crave para o mantemento dos centos de postos de traballo que xeran as fábricas de pensos e o transporte

do produto e dos seus ingredientes básicos. A dársena exterior ha mellorado a seguridade marítima, facilitado a apertura dos peiraos urbanos e abriu novas opcións económicas.

Con respecto ao planeamento urbanístico municipal, actualmente, a maioría dos municipios que forman parte do GDR-23 Mariñas-Betanzos posen algunha normativa de usos do solo, ben sexa mediante unhas normas subsidiarias de planeamento (NSP), ou dun plan xeral de ordenación (PXOU ou PXOM), e sete deles están adaptados á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Existen dous concellos co planeamento adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que resulta a lexislación actualmente en vigor: Oleiros e Sada, mentres que Abegondo ten feito un Instrumento de Ordenación Provisional regulado pola Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación de Galicia.


INCORPORAR INFORMACIÓN ESTRATEGIA INFRAESTRUCTURA VERDE DA ÁREA DA CORUÑA (NODOS E CORREDORES)

## 6. DESCRICIÓN DO ENTORNO SOCIOECONÓMICO

Este territorio presenta dous escenarios ben diferenciados en canto á estrutura socioeconómica e demográfica, derivados da influencia da cidade de A Coruña e o sistema de infraestruturas de comunicación desenvolvidos no ámbito da súa área urbana e periurbana. Obsérvase no GDR-23 un elevado contraste, con municipios densamente poboados arredor da cidade de A Coruña, diminuíndo esta ocupación a medida que afástase da cidade.

A taxa bruta de natalidade (número de nacementos por cada 1.000 habitantes) para os distintos territorios do GDR-23 (IGE, 2020) mostra un comportamento moi diverso deste indicador demográfico. Por encima do valor para a provincia de A Coruña e Galicia, atópanse territorios como Arteixo e Carral, mentres que Oza-Cesuras e Paderne afástanse destes valores centrais, situándose moi por baixo dos mesmos.

**Gráfico 1. Taxa bruta de natalidade para o GDR-23, ano 2020**




*\*Non hai datos dispoñibles no IGE para Aranga e Irixoa para este ano*

*Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2020)*

En canto ao Índice Sintético de Fecundidade, que representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos), obsérvase un comportamento similar ao presentado no anterior indicador. Así, territorios como Carral destaca cos seus 1,46 fillos esperados por muller, seguido por Abegondo e Arteixo entre os valores máis elevados. Por baixo da media provincial e galega, sitúanse cinco territorios, sendo o de Oza-Cesuras o que presenta o dato máis baixo de 0,63 fillos de media.

**Gráfico 2. Índice sintético de fecundidade do GDR-23 para o ano 2020**




\*Non hai datos dispoñibles no IGE para Aranga e Irixoa para este ano

Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2020)

No respectivo á taxa bruta de reprodución, que supón o número medio de fillas que tería unha muller en ausencia de mortalidade ao longo da súa vida, atopamos unha realidade similar ás xa observadas anteriormente. O dato de Galicia e A Coruña sitúase en 0,5 fillas, sendo amplamente superado polos datos de Carral e Abegondo (0,85 e 0,8, respectivamente) e, en menor medida por Arteixo, Oleiros e Culleredo. Oza-Cesuras volve ser o territorio co valor máis baixo para este indicador.

**Gráfico 3. Taxa bruta de reprodución para o GDR-23, ano 2020**




\*Non hai datos dispoñibles no IGE para Aranga e Irixoa para este ano

Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2020)

No relativo á taxa bruta de mortalidade, que representa o número de defuncións por cada 1.000 habitantes, é preciso destacar o caso de Irixoa para o ano de estudo, situándose notablemente por encima do resto de territorios e do valor provincial e galego. Séguenlle Aranga e Coirós de preto, e Oza-Cesuras, Paderne e Abegondo xa máis afastados, aínda que elevados.


**Gráfico 4. Taxa bruta de mortalidade para o GDR-23, ano 2020**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2020)

Novamente, obsérvase a heteroxeneidade presente nos territorios do GRD-23 no indicador do cociente de masculinidade á defunción. Este indicador mostra que a maioría dos territorios atópanse por encima do valor provincial e do galego, liderados por Arteixo e Carral, con valores moi semellantes. Doutra banda, Coirós e Bergondo sitúanse nas posicións máis baixas deste indicador para o ano 2020.

**Gráfico 5. Ratio de masculinidade á defunción do GDR-23, ano 2020**




Non hai datos dispoñibles no IGE para Irixoa para este ano

Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2020)

No relativo á densidade de poboación, con datos provenientes do IGE para o ano 2021, aprécianse importantes diferenzas entre os territorios analizados. Este indicador representa o cociente entre a poboación dun territorio e a súa extensión superficial (o número de habitantes por cada quilómetro cadrado de superficie) e atópase

substancialmente por encima dos valores da Coruña e Galicia para Oleiros, seguido de Sada, Cambre, Betanzos e Culleredo a certa distancia. No outro extremo, con valores moi por baixo do provincial e cunha densidade escasa se encontran Aranga e Irixoa, seguida de Oza-Cesuras e Curtis. Este dato achega información tamén canto aos posibles problemas derivados do despoboamento do territorio e a notable heteroxeneidade no asentamento poboacional.


**Gráfico 6. Densidade de poboación do GDR-23, ano 2021**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

O índice de masculinidade non presenta grandes diferenzas para os diferentes territorios do GDR-23. Aranga destaca lixeiramente por encima, seguida de Oza-Cesuras, e tan só Betanzos atópase por baixo do valor de A Coruña.


**Gráfico 7. Índice de masculinidade do GDR-23, ano 2021**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)


No referido á idade media, este indicador non mostra unhas diferenzas tan acusadas como outros dos analizados para este grupo de territorios. Con todo, é preciso destacar que sete dos territorios do GDR-23 están por encima do valor de Galicia, sendo liderados por Aranga, seguido de preto por Irixoa. O territorio que se atopa máis afastado do valor do conxunto galego, por baixo, é Arteixo xunto con Culleredo, cunha poboación lixeiramente máis nova en media.

**Gráfico 8. Idade media do GDR-23, ano 2021**




*Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)*

En canto ao índice de envellecemento, este dato corrobora as características xa observadas noutros indicadores, como é as notables diferenzas entre territorios. O índice de envellecemento recolle a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, ou número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos. Así, aprécianse dúas realidades, con pouco máis da metade dos territorios do GDR-23 superando amplamente o valor de Galicia e o provincial. Aranga e Irixoa destacan notablemente por ter os maiores índices de envellecemento, mentres que Arteixo e Culleredo contan con un índice substancialmente baixo en comparación.

**Gráfico 9. Índice de envelhecimento do GDR-23, ano 2021**


Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

Outro indicador de elevada importancia é o índice de dependencia global, que mostra a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos). Aquí obsérvase novamente dous grupos distinguibles entre os territorios: un grupo de territorios máis dependentes en xeral, liderado por Aranga, e seguido de Irixoa e Coirós; e outro grupo menos dependente, encabezado por Arteixo, e seguido de Cambre e Culleredo.


**Gráfico 10. Índice de dependencia global do GDR-23, ano 2021**


Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

Se distinguimos entre a dependencia xuvenil e a senil, aprécianse importantes diferenzas. Se atendemos ao índice de dependencia xuvenil, que relaciona a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos), obsérvase unha imaxe moi distinta: destacan os territorios de Oleiros, Coirós, Culleredo, Carral e Arteixo, ao redor de valores similares. O dato máis baixo pertence

a Irixoa. Estes datos poden estar estreitamente relacionados co envellecemento poboacional e a menor densidade de poboación dos territorios, como tamén se observa no seguinte indicador.


**Gráfico 11. Índice de dependencia xuvenil do GDR-23, ano 2021**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

O índice de dependencia senil mostra unha fotografía case contraria á observada no gráfico anterior. Volvemos atoparnos con dúas realidades heteroxéneas, claramente divididas dentro do GDR-23. Este indicador, que mostra a relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos), presenta un dato notablemente elevado para o territorio de Aranga, seguida de Irixoa e Oza-Cesuras. Estes datos están moi por encima do dato do conxunto de Galicia e tamén do da provincia de A Coruña. Doutra banda, o tres territorios con menor dependencia senil, moi por baixo do dato de Galicia e A Coruña, son Arteixo, Culleredo e Cambre.


**Gráfico 12. Índice de dependencia senil do GDR-23, ano 2021**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

Doutra banda, o índice de recambio da poboación en idade activa, que mostra a relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos e mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando, presenta importantes diferenzas por territorios. Destaca notablemente o dato de Aranga, moi por encima do resto, case duplicando o dato para Curtis, Oza-Cesuras ou Paderne. En cambio, o índice de recambio é lixeiramente máis baixo que o de Galicia para Culleredo, Oleiros, Cambre e Arteixo, sendo estes territorios para os que o índice é menor.

**Gráfico 13. Índice de recambio da poboación en idade activa do GDR-23, ano 2021**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

En resumo, no territorio do GDR-23 existen dúas dinámicas diferenciadas. Concellos con crecemento demográfico positivo e con índices de recambio de poboación activa máis baixos, ofrecen maior potencial de crecemento e de renovación demográfica. (poñer nome concellos). Coinciden cos municipios máis industrializados (con elevada posibilidade de emprego) e onde a oferta de vivenda é máis viable economicamente. A segunda dinámica de poboación dáse en municipios onde o relevo xeracional está comprometido, con baixa natalidade e unha alta proporción de maiores respecto ao total da poboación. (poñer nome concellos).

Ademais, os municipios onde a poboación está máis envellecida son os que teñen os niveles máis básicos de instrución e menor número de servizos dedicados a educación, e que nos concellos con índices altos de poboación nova predomina o nivel medio de instrución e unha oferta educativa maior. En concellos cunha estrutura de poboación máis nova, a porcentaxe de poboación en situación de traballar é maior que a poboación inactiva (menores de 16 anos, pensionistas, incapacitados para o traballo, etc.).

## 7. ANÁLISE SECTORIAL

Durante as últimas dúas décadas, o crecemento económico de Galicia está acompañado dunha serie de transformacións como o cambio na estrutura produtiva a favor da construción e os servizos, en detrimento fundamentalmente do sector primario, que experimenta unha caída no emprego. Esta situación vívese no territorio con grande intensidade, sobre todo na área circundante á cidade de A Coruña. A expansión da área urbana supón para os concellos lindeiros un factor dinamizador da súa estrutura económica e social, dando lugar a un proceso de conurbación do territorio do GDR-23 Mariñas Betanzos, motivado fundamentalmente por:

- A atracción que ofrece a novos residentes que buscan solo para desenvolver vivenda familiar coa oferta económica competitiva,
- As relacións de cooperación entre A Coruña cos municipios da súa área metropolitana e os lindeiros a esta son cada vez máis importantes,
- O actual estilo de vida demanda lugares para vivir con boas comunicacións, con calidade medioambiental e paisaxística con espazos con baixa densidade edificatoria, con preferencia de vivenda familiar, beneficiándose ao mesmo tempo dos servizos e infraestruturas propios dunha sociedade de benestar.

As diferenzas entre os municipios son destacables en canto ao aproveitamento do territorio. Algúns deles presentan un marcado carácter rural e aínda ligado a actividades agropecuarias e forestais, como Aranga ou Irixoa. Noutros municipios a industria ten un gran peso, como no caso de Arteixo. Tamén existen municipios onde o uso residencial e as actividades terciarias son as predominantes, como Culleredo, Oleiros e Sada.

O **sector primario** encóntrase en estado de recesión en todo o territorio, descendendo nos últimos anos o número de empregados a favor do terciario, sobre todo nos municipios da área metropolitana da cidade de Coruña. Existe unha notable influencia da área urbana neste sector que condiciona os aproveitamentos e usos do chan que en moitas ocasións perden a súa valoración como agrícola sometidos a presións urbanísticas, en espera de futuras recualificacións.

Entre os concellos que conforman o territorio existen importantes diferenzas no uso do solo. Segundo os datos das estatísticas agrarias da Consellería do Medio Rural para o ano 2020, a proporción de superficie dedicada a cultivos e prados é maior en Betanzos, a continuación sitúanse Curtis e Oza-Cesuras. Os concellos con menor superficie agrícola, coinciden cos que posúen unha maior ocupación do territorio con fins residenciais, como acontece en Oleiros e Sada. A maior superficie dedicada a pastos e mato corresponde a Oza-Cesuras e Curtis. Estes concellos xunto con Aranga son os que posúen máis superficie forestal de todo o GDR-23.

**INCORPORAR TABOAS COA INFORMACIÓN DO SIG SOBRE USOS DO SOLO, ZONAS CONCENTRACIÓN PARCELARIAS, ETC.**

**INCORPORAR DATOS ACTUALIZADOS DO PLAN ALIMENTARIO 2014-2022**

O **sector forestal** ten unha importancia moi relevante na economía local, chegando a ocupar case a metade da superficie. A expansión de especies de crecemento rápido, principalmente eucalipto, supón un obstáculo á mobilidade de terras agrarias posto que, nalgúns casos, os propietarios de fincas con vocación agraria optan por cultivos forestais de quenda curta. Isto supón un grave problema para o desenvolvemento e para a conservación da biodiversidade e risco de incendios. Os produtores agropecuarios encontran graves dificultades para encontrar fincas adecuadas para comezar a actividade ou expandirse. ( METER MAPA USOS FORESTAIS EN CADA CUNCA HIDROGRÁFICA (MENDO/MANDEO), [ LISTADO E MAPA MVMC]

Nos concellos que conforman o GDR-23 Mariñas-Betanzos, o Censo Agrario de 2020 recolle un total de 2.017 explotacións ás que lle corresponden 17.021,37 ha de Superficie Agrícola Utilizada (SAU), destacando a superficie de terras arables e cultivos leñosos fronte ás terras dedicadas a pastos permanentes, especialmente nos concellos de Arteixo, Cambre e Paderne. As explotacións gandeiras de carne e leite destacan en Abegondo e Curtis, que son á súa vez onde se concentra o maior número de explotacións agrícolas do GDR-23, seguidos de Aranga, Arteixo e Oza-Cesuras.

En canto á superficie dedicada á explotación agraria, resulta maior nos concellos de Curtis, Oza-Cesuras, e Aranga, sendo estes os que posúen máis superficie de terras dedicadas a pastos permanentes. Nestes concellos a actividade gandeira é das maiores do territorio do GDR-23, tanto no número de explotacións como de cabezas de gando, sendo superadas por Carral nas cabezas de gando vacún e ovino e caprino. O abastecemento a nivel local por parte das micro-explotacións pode ser significativa. Aproximadamente a metade da SAU (Superficie Agraria Útil) repártese entre a superficie labrada e a superficie de pastos, na súa maioría de secaño. A rega é tamén pouco frecuente no labradío en termos globais, aínda que é significativo nos cultivos máis intensivos (horta e ornamentais fundamentalmente). Na superficie a labradío dominan os cultivos forraxeiros para alimentación animal. O segundo grupo de cultivo en importancia por extensión ocupada son os prados e despois os cereais gran. O máximo de superficie dedicada a trigo atópase en Abegondo, Paderne, Carral e Arteixo. En cebada, avea e centeo destaca Abegondo e, en menor medida, Carral, Arteixo e Paderne. Arteixo e Curtis son os maiores produtores de millo en gran.

A presenza do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), localizado en Abegondo e con máis de 300 ha dedicadas á investigación, ensaios de alimentación animal e estudos de novas especies forraxeiras, determina en gran parte a elevada superficie dedicada neste concello aos cultivos herbáceos. A contextualización do concello de Carral como unha zona tipicamente panadeira explica tamén a presenza do cultivo de cereais nesta zona.

En canto ao aproveitamento de pataca, destacan Abegondo, Arteixo e Irixoa. Sobre cultivos forraxeiros, os concellos de Curtis e Irixoa son os que posúen as maiores superficies. O maior aproveitamento de flores e plantas ornamentais atópase en Arteixo e Bergondo, destacando sobre todos eles o concello de Paderne. A horta para consumo familiar resulta común en todos os concellos, cunha presenza maioritaria nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Curtis. As froiteiras predominan como cultivo en Betanzos, seguido de Carral, Paderne e Abegondo.

Sobre a **producción vitícola**, as diferenzas entre os concellos son aínda maiores que no resto de aproveitamentos, feito no que a delimitación territorial da I.X.P. “Viño da Terra de Betanzos” xoga un papel fundamental. Betanzos e Paderne contan co maior peso neste sector.

**INCORPORAR MAPA CONCELLOS DENTRO IXP. Nº ADEGAS****INCORPORAR LISTADO PRODUCTORES INCLUIDOS NO CRAEGA E MUNICIPIO**

As explotacións máis numerosas son as mixtas de cultivos e gandería, as de agricultura xeral con cultivos agrícolas diversos, as de vacún de leite, as de vacún de carne e as de horta. As restantes tipoloxías son as gandarías doutros herbívoros, como pequenos ruminantes. As de policultivo e as de gandería mixta, que combinan ruminantes e granívoros son en xeral de moi pequeno tamaño.

Existe unha drástica diminución no número de explotacións agrícolas, ao igual que na superficie total dedicada a elas, feito xeral no conxunto do GDR-23, agás no concello de Abegondo. Este descenso é máis acusado nos concellos onde se ten observado un maior crecemento urbano e residencial nos últimos anos, como é o caso de Oleiros, Sada e Culleredo. Dita situación derivou nunha gran diversificación económica para estas zonas, relegando ao sector primario a un segundo plano. Tamén se sufriu un descenso na meirande parte dos concellos, manténdose non obstante en Abegondo, Curtis, Irixoa, Oza-Cesuras e Paderne, e incluso aumentando en Aranga e Arteixo, o que indica que a base territorial das explotacións agrícolas aumenta nesta última década nestes concellos. Existe un lixeiro aumento da superficie de monte, do cultivo de especies forestais e doutros espazos non agrícolas en detrimento de terras labradas e pastos. Os motivos desta situación derívanse do abandono de actividades ligadas ao sector agrícola, e da presión demográfica en concellos da área metropolitana para converter solos en uso residencial, aínda que existen unha serie de cultivos que nos últimos tempos están collendo importancia no territorio, e que teñen potencial para ser de interese no futuro como o trigo do país, o lúpulo, a planta ornamental, a horta, ou a fruticultura.

Ademais, a **gandería** ten un papel moi relevante no conxunto do GDR-23, tanto polo valor da produción agregada como pola superficie agrícola utilizada e traballo empregado. Non se pode facer unha correlación directa desa importancia sectorial a nivel das principais macromagnitudes co seu grao de integración no sistema alimentario local. Existe unha integración da produción fundamentalmente a través dos mercados convencionais, que neses sectores (leite, carne de vacún e porcino) se artellan sobre todo nos niveis rexional, nacional e mesmo internacional (con máis matices no de carne de vacún, no que conviven máis canles de comercialización, diversidade de produto e de sistemas produtivos). De xeito resumido, a gandería no GDR-23 caracterízase pola presenza dominante do sector vacún de leite, e en menor medida o de carne, sobre todo nos concellos de Curtis, Aranga e Oza-Cesuras, e un sector de produción porcina intensiva bastante concentrado en Abegondo, seguido cunha menor presenza de Curtise Arteixo.

As outras producións gandeiras (pequenos ruminantes, aves, etc.), aínda tendo presenza, teñen moita menor relevancia tanto en termos de superficie ocupada, valor da produción ou traballo empregado. Os concellos de Oza-Cesuras, Curtis, Irixoa e Aranga son os que posen o maior número de explotacións gandeiras, mentres que Betanzos, Oleiros e Sada son os que menos, como era de esperar en municipios máis diversificados noutros sectores. A Unión de Cooperativas “Asociación Galega de Cooperativas Agrarias” (AGACA), é a organización máis representativa do cooperativismo agrario de Galicia, de toda a súa problemática económica, empresarial e social, así como dos socios cooperativistas na súa dimensión humana e profesional. Algunhas das cooperativas presentes no territorio están rexistradas na unión de cooperativas AGACA.

A maioría das empresas sobre **procesado de produtos** a partir de carne ou peixe localízanse nos concellos de Arteixo, Culleredo, Oleiros e Sada; na fabricación de produtos lácteos destaca Oza-Cesuras, seguido de Irixoa; Abegondo, Cambre e Carral son os únicos concellos nos que existen empresas dedicadas a produtos de moenda e amidóns; na fabricación de produtos de panadería e pastas Carral e Arteixo están na mesma posición seguidos de Betanzos e Cambre. En canto a produtos para alimentación animal, en Abegondo, Arteixo e Curtis localízanse o mesmo número de manufacturas. Pódense destacar as queixerías artesás, as panaderías de Carral e as adegas de Betanzos. As empresas do sector alimentario do territorio, por norma xeral teñen un tamaño moi pequeno. Este pequeno tamaño do sector é nalgúns casos un impedimento para a xeración de dinámicas de innovación e mellora tecnolóxica, así como de articular melloras para incrementar as producións.

Entre eles pódese destacar algúns que se teñen convertido en emblemáticos de diferentes localidades, como a sardiña de Sada, os mexillóns de Lorbé (Denominación de Orixe Mexillón de Galicia), o viño e as tortillas de Betanzos, o pan e as empanadas de Carral, os amorodos de Abegondo e Carral.

Cómpre tamén destacar multitude de **festas, exaltacións e degustacións gastronómicas**, repartidas ao longo de todo o ano, que, ademais de eventos festivos, teñen por obxecto a promoción dos produtos da terra. Moi destacables tamén como punto de venda directa son as feiras e mercados quincenais ou semanais que se reparten pola maioría de concellos. Ver a seguinte táboa.

**Táboa 4. Feiras alimentarias en distintos concellos**

CONCELLO	NOME	DATA
Varios concellos	Feira de segunda man e troco	Anual
Abegondo	Feira do queixo	Segundo domingo do mes de febreiro
Aranga	Feira da Castellana	Día 3 de cada mes
Arteixo	Feira de Arteixo	Todos os sábados
	Romaría do Porco Celta	Maio
Bergondo	Feira Industrial, comercial e de artesanía de Bergondo- INCOART	Maio
	Mercado da Horta	Todos os luns e venres
Betanzos	Feira quincenal de Betanzos	1 e 16 de cada mes, en novembro 1 e 30
	Mercado	Martes, xoves e sábados
	Feira Franca Medieval de Betanzos	Xullo
	Mostra de Viños e Produtos das Mariñas	Segundo fin de semana de agosto
	Semana da tortilla de Betanzos	Outubro
Cambre	Mercadillo de Cambre	Día 2 e terceiro domingo do mes
Carral	Festa do Pan de Carral	Maio
	Festa da empanada	Setembro
	Feira de Carral	Día 4 e 13 e último domingo do mes
Oza- Cesuras	Magosto en Oza dos Ríos	Novembro
	Festa dos roxóns quentes con filloas	Xaneiro
Culleredo	Mercadillo de O Burgo	Segundo domingo do mes


Curtis	Feira de Teixeira	Día 5 e 18 de cada mes
	Feira de Curtis	Día 9 e 23 de cada mes
Oleiros	Feira do Mel	Primeiro domingo Novembro
Paderne	Feira do viño de Paderne	Xullo
	Feira	2º domingo de cada mes
Sada	Outono de Tapas	Outubro- Novembro
	Festa da Filloa- Entroido	Marzo
	Feirón de Sada	Sábados

Fonte: Estratexia Leader (2014-2020)

No correspondente a **pesca**, no territorio do GDR-23 están constituídas tres confrarías, dende as que se atenden aspectos administrativos e se coordinan os traballos e zonas de marisqueo. Todas elas contan ademais co asesoramento técnico da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia. Entre as diversas iniciativas existentes e con interese no sector, pódese destacar: o Mexillón en Lorbé, a acuicultura ou a recollida de algas para usos culinarios.

Doutra banda, o **sistema empresarial** no territorio está formado na súa maioría por microempresas e medianas empresas. Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros son os municipios en onde se localizan a maior parte das empresa. Oleiros, Culleredo, Arteixo e Cambre son os municipios que maior número de empresas posúen relacionadas co sector terciario, seguidas de Sada e Betanzos.


**Gráfico 14. Empresas con actividade no GDR-23 segundo actividade principal, ano 2020**



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2021)

**Gráfico 15. Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral para o GDR-23 por sector de actividade (xuño 2022)**

Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral para o GDR-23 por sector de actividade (xuño 2022)



Fonte: Elaboración propia baseada en datos do IGE (2022)

INCORPORAR DATOS SOBRE SECTOR SERVICIOS

INCORPORAR DATOS DOS PLANS DAS ALCALDÍAS POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE (Concellos adheridos e actuacións que se recollen en cada un deles)

## 8.DAFOS POR SECTORES

A continuación preséntanse diversos análise DAFO que comprenden sectores e ámbitos crave para o territorio do GDR-23 Mariñas-Betanzos. A análise DAFO é un proceso que identifica as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. Deben distinguirse entre factores internos e externos.

**Debilidades:** impiden que o desempeño no seu nivel óptimo. Teñen o potencial de reducir o progreso. Unha organización necesita minimizar as debilidades e analizar a forma en que se poden mellorar.

**Fortalezas:** describen no que se sobresa, permitindo que as decisións se tomen de maneira que se obteña unha vantaxe competitiva.

**Ameazas:** son todos aqueles factores que teñen o potencial de afectar negativamente a unha organización/sector. É prudente ter un plan de continxencia integral que aborde os posibles riscos e especifique como tratar con eles.

**Oportunidades:** refírense a factores externos favorables que unha organización/sector pode utilizar para sacar vantaxe.

### DAFO GLOBAL

DEBILIDADES	FORTALEZAS
Fragmentación do territorio	Territorio con boas capacidades agronómicas e existencia de variedades autóctonas.
Diminución da Superficie Agraria Útil pola competencia dos uso forestais e urbanos	Imaxe dos Viños de Betanzos como produtos de calidade
Falta de formación, organización e cooperación dos produtores agrarios e forestais	Existencia de persoas mozas con ampla formación académica
Falta de relevo xeracional nas explotacións	Existencia de dinámicas de cooperación cos axentes locais (Rede de Técnicos Locais de Emprego, Fundación Juana de Vega, Oficinas Agrarias Comarcais, Cooperativas, CFEA de Guísamo)
Número elevado das plantacións realizadas con eucalipto	Creación da Marca de Calidade Reserva Biosfera.
Carencia de programas formativos dirixidos a xóvenes	Existencia de terras agrarias ociosas
Emprego irregular, precario e non declarado	Existencia de recursos locais
Falta de cultura emprendedora	Producións tradicionais: Viño da Terra de Betanzos, horta, froiteiras, ovos e carne ecolóxica
Reducida oferta formativa nproducción ecolóxica	Novas producións: plantas medicinais e aromáticas, kiwi, transformación do leite
Carencias nese servizos ás empresas e emprendedores	Existencia de cooperativas agrarias
Baixo dinamismo económico e laboral nos concellos rurais	Proximidade dos centros de consumo ás áreas de produción
Baixo nivel e investimento de I+D+i empresarial, no sector agrario, agroalimentario e forestal	

Escasa estratexia comercial, internacionalización e diversificación produtiva

Producións agrarias de escaso valor engadido

Inexistencia de silvicultura e asociacionismo nas explotacións forestais

Dificultade de comercialización dos produtos do mar

Escasa superficie e mal estado en xeral, dos espazos naturais protexidos

Contaminación e mala conservación das rías do Burgo e Betanzos

Contaminación de orixe agrícola nos ríos.

Escasa formación no sector hostaleiro de atención ao público, marketing e redes sociais

Falta de coordinación turística no territorio

Forte estacionalidade da demanda turística

Pouco desenvolvemento e cooperación das casas de turismo rural e a súa ligazón con actividades no territorio

Saldos migratorios negativos na maioría dos concellos

Descoñecemento do gasto enerxético e dos posibles aforros que poderían producir as enerxías renovables e a mellora na eficiencia enerxética

Falta dun inventario actualizado dos recursos patrimoniais e culturais

Situación do patrimonio en propiedades privadas, que impide a súa rehabilitación e conservación axeitada

Existencia de redes de tendas, feiras e mercados que demandan produto local

Alta produtividade das plantacións forestais

Proximidade e existencia de centros de formación e innovación (CIAM, Universidade, CFEA Guísamo, outros centros de investigación)

Actividades mariñeiras, marisqueiras e acuícolas con interese no turismo mariñeiro

Lonxa nas proximidades da zona costeira e existencia de confrarías organizadas

Primeiro destino de Ecoturismo de Galicia.

Imaxe da Marca.

Gdr como elemento aglutinador de turismo.

Declaración do territorio como Reserva de Biosfera

Alto valor natural do territorio e riqueza da rede hidrográfica e paisaxística

Incidencia relativamente baixa dos incendios forestais

Existencia de restos arqueolóxicos de interese

Potencia do recurso “Camiño Inglés” e do Casco histórico de Betanzos

Existencia de camiños históricos e rutas

## AMEAZAS

Novas actividades produtivas xeradoras de emprego con pouca estabilidade

Escasa estabilidade laboral

Avances tecnolóxicos e procesos de concentración empresarial que poden repercutir en prexuízo do emprego dos maiores de 45 anos

Perda de competitividade xeral do territorio e das súas empresas pola globalización mundial do comercio.

Perda de competitividade agraria como resultado da globalización dos mercados.

Deslocalización de pequenas empresas da comarca a outros territorios

## OPORTUNIDADES

As actividades ligadas ao Emprendemento Verde, a Economía Circular e Social, como sectores emerxentes

O aproveitamento sostible dos recursos locais

Potencial de xeración de emprego no ámbito da produción agroalimentaria e ecolóxica

Importancia das TICs e as ferramentas Web 2.0

Tendencia crecente á comercialización on-line e ao emprego de estratexias de marketing dixital para o posicionamento das empresas e a ampliación de mercados

Cooperación entre emprendedores para a posta en marcha de proxectos

<p>Inestabilidade e variacións do prezo de insumos para as explotacións agrarias</p> <p>Falta de financiamento e complexos trámites burocráticos</p> <p>Posible sobreexplotación dos recursos mariñeiros por parte da pesca recreativa</p> <p>Presión do sector urbanístico nas zonas máis próximas a Coruña</p> <p>Prezo insumos e enerxía derivado do conflito internacionais</p> <p>Perda da paisaxe e biodiversidade</p> <p>Expansión de especies exóticas invasoras</p> <p>Existencia de especies de flora e fauna en perigo de extinción non inventariadas</p> <p>Dano de recursos patrimoniais, culturais, naturais por falta de interese</p> <p>Competencia con destinos turísticos máis consolidados</p> <p>Continuidade da crise económica</p> <p>Emigración dos recursos humanos máis cualificados</p>	<p>Importancia dos elementos culturais e patrimoniais, así como os recursos naturais e a paisaxe, e gastronomía</p> <p>A marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo</p> <p>Existencia de fundacións con interese no patrimonio cultural do territorio (castros)</p> <p>Existencia de consumidores e mercados de proximidade</p> <p>Novos aproveitamentos dos terreos forestais</p> <p>Desenvolvemento de instalacións de enerxías renovables</p> <p>Novos aproveitamentos e producións do medio mariño (ourizos, algas, etc.)</p> <p>Creación e expansión de novos espazos naturais protexidos (ENIL, Rede Natura, etc.)</p> <p>Desenvolvemento de actividades ambientais ligadas á Reserva de Biosfera</p> <p>Formación e apoio para emprendedores e empresas innovadoras</p> <p>Cooperación entre organismos, entidades e empresas para a promoción do territorio como exemplo de desenvolvemento sostible</p>
---	---

*Fonte: Elaboración propia baseado na Diagnose DAFO no territorio de actuación*

# MERCADO LABORAL

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<p>Dificultades para a inserción laboral das mulleres, demandantes de emprego maiores de 45 anos, persoas en risco de exclusión social, e dos colectivos con baixo nivel formativo</p> <p>Carencia de programas formativos dirixidos á persoas xoves, que faciliten a mobilidade transnacional</p> <p>Importante volume de emprego irregular, precario e non declarado.</p> <p>Falta de cultura emprendedora</p> <p>Falta de oferta formativa no ámbito do emprendemento rural, xestión empresarial, comercialización, marketing dixital, turismo sostible, mellora e conservación ambiental, e producións do mar</p> <p>Reducida oferta formativa no ámbito da produción ecolóxica</p> <p>Carencias na formación e baixa cualificación no ámbito da xestión técnico-económica, diversificación agraria, fitosanitarios, mellora varietal, comercialización e marketing, dos activos agrarios</p> <p>Carencias na prestación de servizos educativos e de formación profesional ás empresas e emprendedores</p> <p>Baixo dinamismo socioeconómico e oferta laboral nos concellos rurais</p> <p>Baixo nivel de I+D+i empresarial</p> <p>Escasa estratexia comercial, internacionalización e diversificación produtiva das micropemes agroalimentaria</p> <p>Producións agrarias de escaso valor engadido</p> <p>Escasa formación no sector hostaleiro de atención ao público, marketing e redes sociais, seguridade alimentaria e xestión interna e de recursos humanos</p>	<p>Traballo en rede e cooperación sectorial, así como intersectorial, a partir da experiencia previa da Asociación Mariñas-Betanzos</p> <p>Existencia de persoas mozas con ampla formación académica e motivación</p> <p>Desenvolvemento pola Asociación Mariñas-Betanzos, durante 5 anos, de Programas Integrados de Emprego dirixidos á formación e mellora da inserción laboral de persoas desempregadas no ámbito da produción agroalimentaria</p> <p>Experiencia previa da Asoc. Mariñas-Betanzos no desenvolvemento de accións dirixidas á capacitación de emprendedores rurais</p> <p>Existencia de valores naturais, elementos culturais e patrimoniais susceptibles de poñer en valor, e xerar emprego</p> <p>Existencia de dinámicas de cooperación cos axentes locais (Rede de Técnicos Locais de Emprego, Fundación Juana de Vega, Oficinas Agrarias Comarcais, Cooperativas, CFEA de Guísamo) para a formación, a inserción laboral e a incorporación de activos agrarios</p> <p>Posta en marcha de dous viveiros para emprendedores agroalimentarios</p> <p>Posta en marcha do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (2013-2020), creación da Marca de Calidade, aconsellamento agrario e Bolsa de Terras</p> <p>Forte potencial da produción ecolóxica como oportunidade para a inserción laboral e a vertebración social</p> <p>Existencia de terras agrarias ociosas</p> <p>Boa imaxe das producións agroalimentarias locais</p> <p>Existencia de recursos locais, con elevada demanda, e susceptibles de aproveitamento</p> <p>Producións tradicionais: Viño da Terra de Betanzos, horta, froiteiras, ovos e carne ecolóxica</p> <p>Novas producións: plantas medicinais e aromáticas, kiwi, transformación do leite</p>

AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<p>O envellecemento demográfico</p> <p>Novas actividades produtivas xeradoras de emprego con pouca estabilidade</p> <p>Ten aumentado o número de mulleres desempregadas, con empregos precarios de elevada estacionalidade e temporalidade</p> <p>Lenta progresión na creación de emprego</p> <p>Escasa estabilidade laboral xerada polo baixo nivel de contratación indefinida</p> <p>Avances tecnolóxicos e procesos de concentración empresarial que poden repercutir en prexuízo do emprego dos maiores de 45 anos</p> <p>Perda de competitividade xeral do territorio e das súas empresas (competencia de países do este, asiáticos ou de territorios máis innovadores)</p> <p>Deslocalización de pequenas empresas da comarca a outros territorios por carecer de solo empresarial no territorio para a súa instalación e/ou expansión</p> <p>Perda de competitividade agraria como resultado da globalización dos mercados agrarios</p> <p>Baixa valorización social do traballo do campo</p>	<p>Mellora dos indicadores socioeconómicos</p> <p>As actividades ligadas ao Emprendemento Verde, a Economía Circular e Social, como sectores emerxentes</p> <p>O aproveitamento sostible dos recursos locais</p> <p>Potencial de xeración de emprego no ámbito da produción agroalimentaria e ecolóxica, debido ao aumento na demanda de produtos agroalimentarios locais e ecolóxicos</p> <p>Importancia das TICs e as ferramentas Web 2.0</p> <p>Tendencia crecente á comercialización on-line e ao emprego de estratexias de marketing dixital para o posicionamento das empresas e a ampliación de mercados</p> <p>Demanda crecente de servizos de formación, apoio e acompañamento técnico aos emprendedores</p> <p>Cooperación entre emprendedores para a posta en marcha de proxectos</p> <p>Importancia dos elementos culturais e patrimoniais, así como os recursos naturais e a paisaxe, e gastronomía, como motores para unha estratexia de creación de emprego</p>

Fonte: Diagnose DAFO no territorio de actuación. Plan territorial de emprego. Asociación de desenvolvemento rural Mariñas-Betanzos

# AGRO, FORESTAL E SECTOR DO MAR

DEBILIDADES	FORTALEZAS
Fragmentación territorial a nivel de parcela, propiedade e uso	Boa imaxe das producións locais agrarias e do mar
Escasa mobilización de terras e complexo acceso á mesma	Existencia de variedades autóctonas e produto local
Falta de solo para actividades de transformación alimentaria	Imaxe Viños Betanzos como produtos calidade (Banco lexítimo)
Diminución da Superficie Agraria Útil pola competencia dos uso forestais e urbanos	Tradición e experiencia en producións agrícola, da industria agroalimentaria e nos aproveitamentos do mar
Pequena dimensión das explotacións e industrias agrarias	Territorio con boas capacidades agronómicas (solo, clima, etc.)
Necesidade de aumentar a súa base territorial para a produción de insumos	Mellora da valorización do traballo agrario.
Falta de formación, organización e cooperación dos produtores agrarios e forestais	Existencia de cooperativas agrarias, tecido asociativo e empresas agroalimentarias líderes no sector
Reducido número de produtores ecolóxicos e falta de formación ao respecto	Proximidade dos centros de consumo ás áreas de produción.
Dificultade para encontrar semente e plántulas de produtos ecolóxicos e variedades autóctonas no territorio	Existencia de redes de tendas, feiras e mercados que demandan produto local.
Dificultade incorporación de novos activos no sector agrario	Existencia de CMVMC dinámicas e interesadas en mellorar
Falta de relevo xeracional nas explotacións.	Alta produtividade das plantacións forestais.
Falta de formación en temas de marketing agroalimentario.	Proximidade e existencia de centros de formación e innovación (CIAM, Universidade, CFEA Guísamo, centros de investigación).
Dificultades na comercialización, canles curtas e distribución dos produtos agrarios por parte dos produtores locais.	Actividades mariñeiras, marisqueiras e acuícolas con interese no turismo mariñeiro.
Fracaso de iniciativas previas na comercialización conxunta	Lonxa nas proximidades da zona costeira e existencia de confrarías organizadas.
Baixo investimento I+D+i sector agrario, alimentario e forestal	Experiencias de degustacións con asociacións de restauradores (Refuxios do Mandeo, Baiucas das Mariñas, etc.).
Escasa información e baixa transferencia de resultados desde os nodos da innovación	Dinamismo GALP do territorio e boa colaboración co GDR-23.
Pouca ordenación e planificación forestal	
Sector forestal centrado na produción de madeira	
Alto incremento das plantacións realizadas con eucalipto, para a produción de pasta, producindo un monocultivo forestal	
Reducido aproveitamento e uso de frondosas autóctonas caducifolias, empregándose case exclusivamente para leña	
Inexistencia de silvicultura e asociacionismo forestal	
Contaminación das áreas de pesca e marisqueo	

Dificultade de comercialización dos produtos do mar e competencia dos produtos pesqueiros e marisqueiros foráneos a baixo prezo

Descoñecemento por parte da sociedade do sector do mar

Pouca coordinación entre os diversos axentes involucrados na xestión da zona litoral

Escasa implantación de sistemas de aforro enerxético e enerxías renovables

Dificultade para o acceso ás novas tecnoloxías por parte das explotacións agrarias

## Ameazas

Risco provisión de alimentos

Globalización mundial do comercio

Inestabilidade e variacións do prezo de insumos para as explotacións agrarias

Falta de financiamento e complexos trámites burocráticos

Escasa dispoñibilidade de materia prima local para conseguir abastecer toda a demanda futura.

Incerteza da política agraria común da Unión Europea e doutras liñas de axuda das administracións públicas.

Posible sobreexplotación dos recursos mariñeiros por parte da pesca recreativa, furtivos ou profesionais non concienciados.

Presión do sector urbanístico nas zonas máis próximas a Coruña

Realización de grandes infraestruturas ou obras que poidan xerar impactos nos terreos produtivos.

Despoboamento e envellecemento por zonas, creando un desequilibrio territorial

Prezo insumos e enerxía derivado do conflito internacionais

## Oportunidades

Incremento incesante da demanda de produtos naturais, ecolóxicos e de proximidade

A marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas

Existencia masa crítica consumidores e mercados de proximidade

Novos aproveitamentos dos terreos forestais

Fomento do asociacionismo de propietarios forestais.

Desenvolvemento de instalacións de enerxías renovables

Novos aproveitamentos e producións do medio mariño (ourizos, algas, etc.)

Formación e apoio para emprendedores e empresas innovadoras.

Lei de recuperación de terras agrarias.

Existencia entidades como Fundación Juana de Vega.

Fonte: Diagnose DAFO no territorio de actuación

# AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Debilidades	Fortalezas
<p>Descoñecemento dos valores naturais, dos recursos e da Reserva de Biosfera por parte da poboación</p> <p>Escasa superficie e mal estado dos E.N.P.s</p> <p>Existencia de espazos naturais de interese sem protección.</p> <p>Importante afección de especies exóticas invasoras e extensión das mesmas</p> <p>Contaminación e mala conservación das rías</p> <p>Mal funcionamento e mantemento das Estacións Depuradoras de Augas Residuais</p> <p>Contaminación debida aos xurros das explotacións gandeiras</p> <p>conciencia ambiental e pouca implicación da poboación</p> <p>Eliminación de hábitats protexidos pola perda dos usos tradicionais da terra ou polo descoñecemento da importancia e valor natural que posúen</p> <p>Aumento do cambio climático e das súas consecuencias</p> <p>Fortes impactos ambientais de obras e infraestruturas</p>	<p>Proximidade e existencia de centros de formación e innovación</p> <p>Declaración do territorio como Reserva de Biosfera</p> <p>Existencia de espazos naturais con diversas figuras de protección</p> <p>Conservación en áreas rurais de sistemas agroforestais tradicionais</p> <p>Alto valor natural do territorio e riqueza da rede hidrográfica e paisaxística</p> <p>Experiencias de éxito na custodia do territorio de asociacións ambientalistas</p> <p>Incidencia relativamente baixa dos incendios forestais.</p> <p>Colaboración coas Universidades de Santiago e Coruña.</p>
Ameazas	Oportunidades
<p>Perda da paisaxe e biodiversidade ligada aos sistemas agroforestais tradicionais</p> <p>Presión sector urbanístico nas zonas máis próximas a Coruña.</p> <p>Problemas de contaminación polos sistemas de abastecemento de augas e ca contaminación de ríos e campos por augas residuais</p> <p>Risco degradación hábitats protexidos, bosques autóctonos, especies endémicas ou espazos de interese ambiental por descoñecemento ou desinformación</p> <p>Introdución e expansión de novas especies exóticas invasoras</p> <p>Existencia de especies de flora e fauna en perigo de extinción non inventariadas</p> <p>Problemas Co Cambio Climático e declive biodiversidade.</p>	<p>Desenvolvemento de enerxías renovables a nivel local.</p> <p>Creación e expansión de novos espazos naturais protexidos (ENIL, Rede Natura, etc.)</p> <p>Desenvolvemento de actividades ambientais ligadas á Reserva de Biosfera</p> <p>Recuperación de hábitats e especies no dominio público</p> <p>Plan de xestión e control das especies exóticas invasoras na Reserva de Biosfera</p> <p>Incentivo para a plantación e posta en valor das especies forestais autóctonas</p> <p>Traballo en rede das Aulas da Natureza do territorio.</p> <p>Interés de empresas desde a RSE e por compensar pegada de CO2</p>

Fonte: Diagnose DAFO no territorio de actuación

# TURISMO E HOSTALARÍA

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<p>Forte estacionalidade da demanda turística.</p> <p>Incipiente desenvolvemento e cooperación das casas de turismo rural e a súa ligazón con actividades no territorio (rutas, degustacións, explotacións agrarias, etc.)</p> <p>Falta de formación e modernización do sector hostaleiro</p> <p>Necesaria organización e inversión en actividades de promoción</p>	<p>Existencia de centros de divulgación e formación ambiental</p> <p>Importantes elementos de interese susceptibles da súa posta en valor turístico, (miradoiros, fervezas, bosques, ornitología, praias e portos, etc.)</p> <p>Existencia de restos arqueolóxicos de interese</p> <p>Potencia do recurso “Camiño Inglés” e do Casco histórico de Betanzos</p> <p>Existencia de camiños históricos e rutas consolidadas ligadas aos valores culturais e naturais do territorio (Roteiro Mariñán, Vía Per Loca Marítima, Rutas Ornitolóxicas, Ruta do Paisaxismo Pintor Lloréns)</p> <p>Actividades mariñeiras, marisqueiras e acuícolas con interese no turismo mariñeiro</p> <p>Declaración do territorio como Reserva de Biosfera.</p>
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<p>Dano de recursos patrimoniais, culturais, naturais por falta de interese e preocupación</p> <p>Competencia con destinos turísticos máis consolidados.</p> <p>Continuidade da crise económica</p> <p>Prezo insumos e enerxía derivado do conflito internacionais.</p> <p>Descenso do gasto por parte da sociedade en ocio e turismo pola crise económica.</p>	<p>Crecemento do Sector do Ecoturismo</p> <p>Creación da marca do Club do Produto Turístico da Reserva de Biosfera</p> <p>Promoción por parte de Turgalicia de rutas e experiencias turísticas a nivel internacional.</p> <p>Complementar o medio rural co produto turístico das zonas costeiras</p> <p>Cooperación entre organismos, entidades e empresas para a promoción do territorio como exemplo de desenvolvemento sostible</p> <p>Potencialidade do “Camiño Inglés”</p> <p>Cooperación con outros territorios e co Concello de A Coruña.</p> <p>Novos modelos turísticos vivenciais baixos en Carbono.</p>

Fonte: Diagnose DAFO no territorio de actuación

**INCORPORAR: -DATOS DA ESTRATEGIA DE ECOTURISMO, -CONCLUSIÓNS CONGRESO ECOTURISMO, -ESTRATEGIA PLAN SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA, -ENQUISAS NECESIDADES DA UNIVERSIDADE CORUÑA**

# POBOACIÓN, SERVIZOS, COMERCIO E ARTESANÍA, ACTIVIDADE EMPRESARIAL, EMPRENDEMENTO

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<p>Complexos trámites burocráticos e difícil financiamento para iniciativas emprendedoras</p> <p>Falta de cultura e formación emprendedora</p> <p>Microempresas incapaces innovar e cooperar con outras empresas</p> <p>Falta de servizos especializados en asesoramento a novos emprendedores e sobre innovación ás empresas</p> <p>Saldos migratorios negativos na maioría dos concellos.</p> <p>Alta taxa de desemprego, en especial de colectivos desfavorecidos</p> <p>Baixo nivel de renda bruta dispoñible</p> <p>Solo industrial dispoñible non empregado</p> <p>Descoñecemento do gasto enerxético e dos posibles aforros que poderían producir as enerxías renovables e a mellora na eficiencia enerxética</p>	<p>Existencia de importantes infraestruturas de comunicación</p> <p>Ampla cobertura de servizos de telecomunicacións no rural</p> <p>Existencia de persoas mozas con ampla formación académica</p> <p>Gran cantidade de terreo en polígonos industriais sen ocupar</p> <p>Alta participación da poboación no desenvolvemento rural e na toma de decisións</p>
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<p>Presión do sector urbanístico nas zonas máis próximas a Coruña.</p> <p>Problemas de contaminación polos sistemas de abastecemento de augas e ca contaminación de ríos.</p> <p>Despoboamento e envellecemento en determinadas zonas, creando un desequilibrio territorial</p> <p>Incremento da poboación dependente.</p> <p>Crise económica xeneralizada e problemas de viabilidade de empresas</p> <p>Emigración dos recursos humanos máis cualificados</p> <p>Prezo insumos e enerxía derivado de conflitos internacionais</p>	<p>Desenvolvemento de modelos enerxéticos que axuden á viabilidade de empresas e loitar.</p> <p>Formación e apoio para emprendedores e empresas innovadoras.</p> <p>Beneficios para as empresas que contraten a mozos/as e persoas discapacitadas.</p> <p>Cooperación entre organismos, entidades e empresas para a promoción do territorio como exemplo de desenvolvemento sostible.</p>

Fonte: Diagnose DAFO no territorio de actuación

## CULTURA E PATRIMONIO CULTURAL

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<p>Falta de posta en valor dos restos arqueolóxicos que existen no territorio por descoñecemento destes (petróglifos, castros, mámoas e outros)</p> <p>Falta dun inventario actualizado dos recursos patrimoniais e culturais</p> <p>Da súa localización.</p> <p>Situación do patrimonio en propiedades privadas, que impide a súa rehabilitación e conservación axeitada</p>	<p>Declaración do territorio como Reserva de Biosfera</p> <p>Importantes elementos de interese susceptibles da súa posta en valor turístico (cascos históricos, restos arqueolóxicos, petróglifos, etc.).</p> <p>Existencia de camiños históricos e rutas consolidadas ligadas aos valores culturais e naturais do territorio (Camiño Inglés, Vía Per Loca Marítima, etc)</p> <p>Existen entidades Culturais dinámicas.</p>
AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<p>Presión do sector urbanístico nas zonas máis próximas a Coruña</p> <p>Dano dos recursos patrimoniais por falta de interese ou descoñecemento</p>	<p>A marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo</p> <p>Identificar este patrimonio nos Plans de Ordenación de Montes</p> <p>Existencia de novas fórmulas de custodia cultural</p> <p>Existencia de fundacións con interese no patrimonio cultural do territorio (castros)</p> <p>Existencia das novas tecnoloxías</p> <p>Elevado Patrimonio cultural disperso no medio rural.</p>

Fonte: Diagnose DAFO no territorio de actuación

## 9. ALGUNHAS CUESTIÓNIS A DEBATE

- Fracaso de iniciativas cooperativas previas na comercialización alimentaria.
- Baixa valorización social do traballo do campo
- Boa imaxe das producións alimentarias locais (agro e mar)
- Contaminación das áreas de pesca e marisqueo.
- Inexistencia de ordenación e planificación da propiedade e uso forestal.
- Comunidades de Montes veciñais en máx común dinámicas
- Deficiente funcionamento e mantemento das Estacións Depuradoras de Augas Residuais
- Fomento do asociacionismo de propietarios forestais
- Formación e apoio para emprendedores e empresas innovadoras
- Traballo en rede e cooperación sectorial, así como intersectorial
- Dificultade encontrar semente e plántulas de produtos ecolóxicos e variedades autóctonas no territorio
- Descoñecemento por parte da sociedade do sector do mar
- Pouca coordinación entre os diversos axentes involucrados na xestión da zona litoral
- Desenvolvemento de instalacións de enerxías renovables
- Baixa conciencia ambiental e pouca implicación da poboación
- Incentivo para a plantación e posta en valor das especies forestais autóctonas
- Complementar o medio rural co produto turístico das zonas costeiras
- Microempresas incapaces de cooperar con outras empresas
- Ampla/baixa cobertura de servizos de telecomunicacións no rural
- Alta participación da poboación no desenvolvemento rural e na toma de decisión
- Cooperación entre organismos, entidades e empresas para a promoción do territorio
- Localización estratéxica dos nodos para o equilibrio do territorio no borde costeiro

## 10. REFERENCIAS

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Consellería do Medio Rural. Estatísticas 2021, Estatística Agraria. [\[Ligazón\]](#)
- Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Decreto 20/2011, 10 de febreiro, se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.
- Instituto Nacional de Estadística, 2022. Censo Agrario 2020. [\[Ligazón\]](#)
- Red Española de Reservas de la Biosfera, 2022. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. [\[Ligazón\]](#)
- Plan Director de Estradas de Galicia, Plan MOVE (2009-2020). 2011. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Dirección Xeral de Infraestruturas (Xunta de Galicia).
- Plan Director de Mobilidade Alternativa. 2013. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Plan Director de Mobilidade Ciclista. 2017. Deputación da Coruña. [\[Ligazón\]](#).
- Plan de Transporte Metropolitano de Galicia. 2010. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG). 2020. Xunta de Galicia. [\[Ligazón\]](#)
- Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (Decreto 19/2011). 2011. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Punto de acceso aos servizos dixitais da Administración galega. Xunta de Galicia. [\[Ligazón\]](#)
- Rede de estradas de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Plan Estratégico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) 2005-2020. 2005. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Mapas de Galicia. Xunta de Galicia. [\[Ligazón\]](#)
- Mapa Oficial Estradas. Ministerio Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Gobierno España). [\[Ligazón\]](#)
- Catálogo de Estadas da Deputación Provincial de A Coruña. [\[Ligazón\]](#)
- Transporte Aéreo. Ministerio de Transportes, Movilidad y Ag. Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Aena SME, S.A. [\[Ligazón\]](#)
- Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF). Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) – Alta velocidade. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Transporte Ferroviario. Ministerio Transportes, Mobilidade e Ax. Urbana (Gobierno España). [\[Ligazón\]](#)
- Renfe Viajeros S.M.E., S.A. Ministerio Transportes, Mobilidade e Ax. Urbana (Gobierno España). [\[Ligazón\]](#)
- Plan Mercancías 30. Ministerio Transportes, Mobilidade e Ax. Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Portos de Galicia. Xunta de Galicia. <https://portosdegalicia.gal/>
- Puertos del Estado. Ministerio Transportes, Mobilidade e Ax. Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Autoridad Portuaria de A Coruña. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)

- Atlas Nacional de España – Enerxía. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Axenda Enerxética de Galicia 2030. Instituto Enerxético de Galicia (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Artigo sobre o futura rede de hidróxeno en Galicia. 10/10/2022. Economía Digital Galicia. [\[Ligazón\]](#)
- Rede de Transporte de Gas - Infraestruturas – Enagás S.A. [\[Ligazón\]](#)
- Plans Municipais de Abastecemento Autónomo de Galicia. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Plan Auga 2010-2025. Augas de Galicia – Consellería Infr. e Mobilidade (Xunta Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- SINAC - Sistema de Información Nacional de Agua de Consumo. Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Hispagua - Sistema Español de Información sobre el Agua. Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; Ministerio Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Augas Galicia – Consellería Infr. e Mobilidade (Xunta Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Plan especial de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Estacións de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Galicia. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Pacto Local da Auga. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia) e Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). [\[Ligazón\]](#)
- Plan de saneamento de Galicia 2000-2015. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Novo Plan de Saneamento de Galicia. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR) de Galicia. Augas de Galicia – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Redes de Seguimento do Estado e Información Hidrolóxica. Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Gobierno de España). [\[Ligazón\]](#)
- Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Puntos limpos de Galicia. Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa). Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Xunta de Galicia). [\[Ligazón\]](#)
- Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama). Xunta de Galicia. [\[Ligazón\]](#)
- Información Banda Ancha España. Ministerio Asuntos Económicos, e Transformación Dixital. [\[Ligazón\]](#)
- MásMóvil. Cobertura. [\[Ligazón\]](#). Orange. Cobertura. [\[Ligazón\]](#). Movistar. Cobertura. [\[Ligazón\]](#). Vodafone. Cobertura. [\[Ligazón\]](#). Mapa de Antenas GSM en España. Antenas GSM.COM. [\[Ligazón\]](#)
- Diagnose DAFO territorio actuación. Plan territorial de emprego. Asociación Mariñas-Betanzos.
- Estratexia de desenvolvemento rural: Programa LEADER 2007-2013. Asociación D.R.Mariñas-Betanzos.
- Estratexia de desenvolvemento rural: Programa LEADER 2014-2020. Asociación D.R.Mariñas-Betanzos.
- Plan Ordenación Litoral (POL). Consellería Medio Amb., Terr. e Infraestruturas. Xunta Galicia. [\[Ligazón\]](#)
- I.G.E. Indicadores socioeconómicos y demográficos banco datos municipal 2020, 2021 e 2022. [\[Ligazón\]](#)



**PARTICIPA PARA MELLORAR O TERRITORIO DO  
GDR-23 MARIÑAS-BETANZOS NO PERÍODO LEADER  
2023-2027**

**DIRECCIÓN**

Asociación Mariñas-Betanzos.  
Antiga Cámara Agraria. San Marcos, s/n.  
15318 Abegondo (A Coruña).

**CONTACTO**

info@marinasbetanzos.gal  
981 669 541

[HTTPS://WWW.MARINASBETANZOS.GAL](https://www.marinasbetanzos.gal)